



NOTA DE PRENSA

COMISIÓN EXECUTIVA DE UGT-GALICIA

Máis de 30.000 persoas participan nas concentracións convocadas en toda Galicia

Importante seguimento da folga nas quendas de mañá e de xornada continua

Santiago, 10 de abril de 2003. O seguimento da folga de dúas horas –convocada en Galicia por UGT e CIG- está a ser importante. Hai que ter en conta que, polo momento, só se pode rexistra-lo apoio dos traballadores que están en quendas de mañá ou en xornada continua, de feito, agárdase a incorporación a esta folga nas vindeiras horas dos traballadores das quendas de tarde e noite.

UGT-Galicia considera que o seguimento nas empresas de máis de 50 traballadores superou o 80 por cento, sendo menor nas pequenas empresas.

Por sectores, destaca-lo amplo seguimento no ensino público (universitario, do cen por cento e no secundario do 80 por cento).

No sector industrial, nas empresas do metal o apoio á folga calcúlase que superou o 80 por cento e na construción esta porcentaxe foi do 52 por cento. Destacar que no sector naval o seguimento foi do cen por cento.

En banca, o seguimento superou o 70 por cento, polo momento, non se teñen datos de aforro, xa que nestas empresas o paro farase pola tarde.

Na administración pública o apoio foi do 70 por cento, chegando en sanidade ó 76 por cento.

Asemade, nas nove concentracións que tiveron lugar nas cidades e vilas galegas superouse a cifra de 30.000 persoas.

A xornada está a transcurrir sen incidentes e o respaldo dos comités de empresa e dos diversos sindicatos que os integran está sendo maioritario.